



POEMAS

Es o que máis quero neste mundo,
 es o meu pensamento máis profundo,
 es o que camiña no meu corazón vagabundo
 e sen ti eu afundo.
 Es a estrela que me fas sorrir,
 es a razón do meu existir,
 es o último pensamento antes de durmir
 e sen ti non podería vivir.
 Es o que á miña vida dá cor,
 es o que me ensinou o amor,
 es a esencia da flor
 e sen ti morrería de dor.
 Es o primeiro pensamento ao espertar,
 es a única persoa que non podo olvidar ,
 es o que me pode namorar
 e sen ti non podo respirar.

ANDREA GARRIDO RÍOS, S1C

Na miña cidade
 vive unha campá
 de prata de gata
 de vento e cristal

Está acatarrada
 por ir celebrar
 santo e cumpreanos
 das ondas do mar

PAULA FISTEUS CARRIL, S1C

AS ESTACIÓNS DO ANO

Vexo algúns paxaros emigrar,
 xa chega o outono, están decididos
 xa que se atopan moi desprotexidos
 ao ver as árbores esporranchar.

Inverno chegou, comeza a nevar,
 moitos paxaros están nos seus niños
 morrendo de frío, moi entristecidos,
 roxen as árbores, vento polar.

Bonito é ver chegar a primavera,
 ver brotar todas as fermosas flores
 por todo o longo e ancho da ribeira.

Comeza o verán, trala grande espera,
 contemplar o mar, de distintas cores,
 gran colorido que xamais eu vira.

SILVIA VAZQUEZ SUFUENTES, S1D

O COCHE

O meu coche de xoguete
 é o rei da carretera,
 cando acelero non anda
 e cando freo acelera.
 Non precisa gasolina
 con auga xa marcha ben;
 a corenta costa arriba,
 costa abaixo, chega a cen.
 Quita, quita que te pillo
 e non te quero pillar,
 co meu coche de xoguete
 sen volante para o guiar.

AS ÁRBORES

As árbores son amigas.
 Nada piden, sempre dan:
 froitos, madeira, beleza
 e tamén sombra no verán.
 As árbores limpan o aire
 non lle fan mal a ninguén.
 Todas son miñas amigas.
 A todas lles quero ben.

MARCOS ROCA TARRÍO, S1D

O AMOR IMPOSIBLE

Eu suspiro polo meu amor imposible,
 pense o que pense, é irrompible.
 Véxoo todos os días,
 pois é a miña alegría.
 Soño con ese amor,
 pero dáme horror
 que se lle falo
 me poida desprezar.
 Suspirando por ese amor sigo
 ata que eu sexa parte do seu olvido.
 Miña alma perde o sentido
 suspirando polo seu amor perdido.
 "Que horrible é o amor imposible"
 di o meu corazón,
 con razón.

BEATRIZ GONZÁLEZ DE OLIVEIRA, S2C

